



En Boiro, sendo as 14:10 horas do día 28 de febreiro de 2018, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:

Chouza, Carlos
Lorenzo, Juan Carlos
Pagán, Alberte

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Previsión de matrícula en 1º ESO para curso 2018-19.
3. Concurso de traslados.
4. Entrega do borrador de PEC e recordatorio do procedemento para propoñer modificacións.
5. Calendario de fin de curso de 2º de bacharelato.
6. Calendario de probas de acceso libre de FP.
7. Rogos e preguntas.

1. Apróbase por unanimidade a acta da anterior sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2018.
2. Previsión de matrícula en 1º de ESO para curso 2018-19
O director informa de que soamente tres alumnos/as do centro de primaria de Escarabote formalizaron a reserva de matrícula e explica como se distribuíron os outros trece alumnos/as do centro adscrito.
3. Concurso de traslados.
O director fai balance da adxudicación provisional de destinos no concurso de traslados. De se confirmaren os datos, saírían do centro cinco profesores/as e entrarían oito, xa que se provén tres prazas que estaban sen cubrir.
4. Entrega do borrador de PEC e recordatorio do procedemento para propoñer modificacións.
O vicedirector fai un breve resumo dos contidos do borrador do PEC e dos procedementos tanto para propoñer cambios ou modificacións como para aprobar o texto. Lémbrese tamén que tanto o borrador como os formularios para propoñer modificacións serán enviados inmediatamente a todos os membros do claustro por correo electrónico.
5. Calendario de fin de curso de 2º de bacharelato.
A xefa de estudos reparte o calendario de fin de curso de 2º de bacharelato así como o de fin de curso do centro. Este segundo non é definitivo, estando suxeito a posibles modificacións.
6. Calendario de probas de acceso libre de FP.
O orientador comenta as datas destas probas, que están incluídas no calendario de final de curso do centro.
7. Rogos e preguntas.
O vicedirector comenta que xa está dispoñible na páxina web do centro un calendario con todas as actividades extraescolares previstas ata fin de curso.
O director comenta que o centro comprou un desfibrilador no mes de xaneiro a instancias do departamento de educación física. Nos próximos días hase ofertar aos profesores/as a posibilidade de facer un curso para a utilización do mesmo. A pregunta da profesora Marta Alfonsín, o vicedirector sinala que este curso non conta como formación a efectos de méritos para concursos de traslados e oposicións.
O orientador informa de que chegou un aviso do CAFI de Ribeira solicitando información sobre posibles profesores que quixesen participar nun curso para certificar o nivel C1 de inglés. O director sinala que xa se enviou esa información a todo o profesorado a través de correo electrónico.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 14:45 horas

O DIRECTOR
Asdo.: Lorenzo Fraga Montero

A SECRETARIA
Asdo.: Mª JOSÉ GARCÍA RIVAS